

1000

1000

1000

**NUMAX
PRESENTA:**

100 | ABRIL 2026



Librería

Libros contra a guerra

As libreiras de NUMAX fixemos esta escolla de novelas, ensaios, diarios e libros ilustrados nos que o conflito bélico é o tema central ou está de fondo. Distintos contextos, países, épocas e enfoques, pero mesma oposición a todas as guerras.

LIBROS



NON



BOMBAS



La guerra no tiene rostro de mujer

Svetlana
Aleksiévich


DEBATE | 22,90€



La aguja dorada

Montserrat
Roig


CONSONNI
| 22,90€



¿Qué buscas, lobo?

Eva
Viežnaviec

GATOPARDO
| 18,95€



Diarios (1938 e 1945)

Syra Alonso

ALVARELLOS
| 21,50€



Claus y Lucas

Agota Kristoff

LIBROS DEL
ASTEROIDE | 24,90€



Genocidios

Júlia Nueno
Guitart

GALAXIA
GUTENBERG | 21€



La guerra de las salamandras

Karel Capek

LIBROS DEL ZORRO
ROJO | 23,90€



Ningún lugar adonde ir

Jonas Mekas

CAJA NEGRA | 28€



Un detalle menor

Adania Shibli

HOJAS DE
LATA | 15,90€



Herba

Keum Suk
Gendry-Kim

RINOCERONTE | 28€

23
DE
ABRIL

≡
≡
≡
DIA
DO
LIBRO

10%
DESCONTO EN
LIBRARÍA E WEB

Eventos | Abril 2026

MÉRCORES 8 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación de
Os oito mitos de Palermo
(AIRA) de **Antonio Seijas**.

XOVES 9 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación de
A nena de xeo (EUSEINO?)
de **Anxos Sumai**.

VENRES 10 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación de
Donde duele, brota
(TALÓN DE AQUILES)
de **Tania Godoy**.

XOVES 16 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación de
Una mujer de tu edad
(CONSONNI)
de **Gemma Ruiz Palà**.

VENRES 17 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación da colección
de poesía Faba de
FABULATORIO co libro *Primeiro
espello* de **Olalla Cociña**.

XOVES 30 DE ABRIL ÁS 19:00H

Presentación de *El humo, la
patria o la tumba* (RANDOM)
de **Emiliano Zecca**.


24.04.2026 | 19.00
Librería NUMAX

**Berta Dávila
e Álvaro Gago**

Papel & Prata — 01
Dous oficios da escrita



NUMAX



O GRAN DITADOR

PASE ÚNICO: 14 DE ABRIL

(The Great Dictator,
Charles Chapin,
1940, 128')



Filmes
contra
a guerra



ANJA BREIEN

XÉNEROS
EN FUGA

CAZA DE BRUXAS

PÁSE ÚNICO 7 ABR

Forfølgelsen, 1981, 93'

- o Presentación
da escritora
Andrea Barreira

O PAXARO DE PAPEL

21 DE ABRIL

Papirfuglen, 1985, 90'

- o Presentación do cineasta
Alfonso Zarauza



Filme do mes:



ASÍ CHEGOU A NOITE ESTREA 30 ABR

Ángel Santos, 120', GAL, VO

Con Denis Gómez, Violela Gil

Un escultor establece o seu taller nunha afastada zona rural da costa galega. Pouco a pouco irá illándose da súa contorna, cortando todo contacto con amizades e familiares. Cando un antigo amor acode ao seu encontro provocará a reflexión do escultor sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida. Máis dunha década despois da súa anterior longametraxe, *Las altas presiones*, celebramos o regreso á gran pantalla do

cinesta pontevedrés Ángel Santos, cunha película fermosa e sensible, gravada nos concellos de Meaño, Sanxenxo e O Grove, e cuxos traballos de montaxe, posproducción de imaxe e masterización dixital correrán a cargo do Laboratorio NUMAX.

i 30 ABR | Presentación e coloquio co director

🏆 Mellor Dirección — Xixón 2025



CALLE MÁLAGA ESTREA 1 ABR

Maryam Touzani, 116', ESP-ÁR, VOSE, +12
Con Carmen Maura, Marta Etura

María Ángeles, de 79 anos, vive soa en Tánxer. A súa filla Clara chega coa idea de vender o apartamento no que viviron en Madrid. Ela fará todo o posible para manter o seu fogar e os obxectos da súa vida.

🏆 **Premio do Público – Venecia 2025**



ESPELLOS Nº. 3 ESTREA 10 ABR

Christian Petzold, 86', DE, VOSE
Con Paula Beer, Barbara Auer

Unha estudante de música sofre un accidente de coche no que morre o seu mozo. Milagrosamente sae ilesa e é acollida por unha estraña familia. Tras un tempo con eles atopa o apoio para recuperar-se pero decátase de que algo nesa familia non vai ben.

🏆 **Sección Oficial – SEMINCI 2025**



KILL BILL: THE WHOLE BLOODY AFFAIR PASES ÚNICOS 10-11 ABR

Quentin Tarantino, 275', ING, VOSE, +18
Con Uma Thurman, Lucy Liu, Michael Madsen

Tarantino une os volumes 1 e 2 de *Kill Bill* nunha epopea única sen censura, como a concibiu, cunha secuencia de animación inédita. Uma Thurman interpreta a Noiva, dada por morta despois de que o seu antigo xefe e amante Bill lle disparase na cabeza. Antes de se enfrontar a el, deberá cazar os membros do Escuadrón Asasino Víbora Letal.

UN POETA ESTREA 17 ABR

Simón Mesa Soto, 120', ESP, VO, +16
Con Ubeimar Ríos, Rebeca Andrade

Óscar Restrepo, poeta, non foi quen de estar á altura dos seus prometedores inicios na literatura e sobrevive dando aulas nun instituto e coidando da súa nai. En Yurlady, unha das súas alumnas, descobre un espírito afín, un diamante en bruto da poesía.

🏆 **Premio do Xurado – Un Certain Regard Cannes 2025**



➕ 15 abril Coloquio en liña co director acompañado de Carla Simón



PRIME CRIME: A TRUE STORY ESTREA 17 ABR

Gus Van Sant, 104', ING, VOSE, +18

Con Bill Skarsgård, Dacre Montgomery

Estafado por un banco, Tony Kiritsis preséntase nas oficinas, secuestra o fillo do presidente e áttale ao pescozo un dispositivo mortal. Esixe que lle devolvan o diñeiro e unha desculpa pública pola televisión en *prime time*. Unha historial real sucedida en 1977 en Indianápolis.



ORISO E A FACA ESTREA 24 ABR

Pedro Pinho, 216', PT, VOSE, +16

Con Sérgio Coragem, Cléo Diára

Sergio, enxeñeiro ambiental, viaxa a África Occidental e mantén unha relación estreita, mais un tanto desequilibrada, con Diara e Gui. Axiña descobre que un enxeñeiro italiano, coa súa mesma misión, desapareceu misteriosamente.

🏆 **Mellor Actriz – Un Certain Regard Cannes 2025**

➕ 25 abril: Presentación e coloquio co director



O SON DA CAÍDA ESTREA 24 ABR

Mascha Schilinski, 154', DE, VOSE, +16

Con Hanna Heckt, Lena Urzendowsky

Catro mozas adolescentes viven nunha granxa do norte de Alemaña en épocas diferentes. Cos anos, a casa transfórmase, pero o eco do pasado resoa entre as vellas paredes. A pesar do tempo que as separa, as súas vidas parecen reflectirse nelas.

🏆 **Premio do Xurado – Cannes 2025**

Foco Liv Ullmann



SEGREDOS DUN MATRIMONIO

PASE ÚNICO 5 ABR

Ingmar Bergman, 168', SV, VOSE, 1974

Con Liv Ullmann, Erland Josephson

Johan, profesor de psicoloxía, e Marianne, avogada, reciben a visita dunha parella que inicia unha forte discusión. Unha vez sós, Johan e Marianne falan do seu matrimonio e os seus problemas.

🏆 **Mellor Filme Internacional – Globos de Ouro 1974**

Centenario Rafael Azcona



PATRIMONIO NACIONAL

PASE ÚNICO 28 ABR

Luis García Berlanga, 106', ESP, VO, 1981

Con Luis Escobar, José Luis López Vázquez

Morto Franco e restaurada a Monarquía, o marqués de Leguineche regresa ao seu palacio madrileño. Tras trinta anos de exilio voluntario, tenta achegarse ao rei, pero porén non resulta nada doado.

🏆 Sección Oficial – Cannes 1981

Día do Libro no cinema



UN HOMBRE LIBRE PASE ÚNICO 23 ABR

Laura Hojman, 88', ESP, VO, +7

Con Agustín Gómez, Pedro Almodóvar, Marisa Paredes

O Día do Libro tamén se vive na sala de cinema cun tributo a Agustían Gómez Arcos, escritor que coa súa obra deu voz a vítimas, disidentes e marxinados polos réxime franquista, como os homosexuais, as mulleres ou os exiliados políticos.

🏆 Premio Queer Ocaña – Sección Oficial Sevilla 2024

Lux Audience Award



LOVE ME TENDER PASE ÚNICO 8 ABR

Anna Cazenave Cambet, 134', FR, VOSE, +16

Con Vicky Krieps, Monia Chokri

Clémence cóntalle ao seu ex marido que mantén relacións amorosas con mulleres. A súa vida véñse abaixo. El queda coa custodia do seu fillo. Clémence deberá loitar para seguir sendo nai, muller e libre.

🏆 Un Certain Regard – Cannes 2025

Cinema + 100: Francisco Rabal



NAZARÍN PASE ÚNICO 13 ABR

Luis Buñuel, 92', ESP, VO

Con Francisco Rabal, Marga López

Nazario, un humilde cura, comparte a súa pobreza cos necesitados. Tras protexer a unha prostituta que provoca un incendio, ten que abandonar o lugar. Obra mestra de Buñuel coa que recordamos a Francisco Rabal no centenario do seu nacemento.

Os ollos verdes



CURTAS LA MACHINA

PASE ÚNICO 16 ABR

VV.AA., 60', GAL, VO

Curtametraxes de La Machina, distribuidora alternativa fundada por Brais Romero, co que dialogaremos ao remate das pezas. Proxectaranse *Ecotone* (Enar de Dios), *O costume do traballo* (Luís Morla), *Pupa* (Antía Carreira) e *Los horrores de la guerra* (Manolo Orellana Naranjo).



QUIÉN VIO LOS TEMPLOS CAER

PASE ÚNICO 27 ABR

Lucía Selva, 72', ESP, VO

Con José Fernández, Anas Derbal

Desde hai dous séculos, Chorrojumo, o que un día foi «o Rei dos Xitanos», deambula en silencio polas rúas de Granada. A chegada de Anas, un mozo marroquí en busca da casa dos seus antepasados, inicia unha busca polas ruínas da cidade en transformación.

🏆 **Mención Especial do Xurado** — CPH:DOX 2025

+ Coloquio en liña coa directora

Pases especiais



AUNQUE SEAMOS ISLAS

PASE ÚNICO 9 ABR

Cristina Rodríguez Paz, 79', ESP, VO

Unha foquista en crise profesional inicia unha viaxe en busca das últimas fareiras. Unha busca externa que desemboca nun relato interior onde o proceso de facer cinema atravesa cada historia. As fareiras mostraránlle outro modo de estar no mundo.

+ Presentación e coloquio coa directora

GERRY

PASE ÚNICO 18 ABR

Gus Van Sant, 102', ING, VOSE, 2002

Con Casey Affleck, Matt Damon

Dous amigos deciden abandonar a autoestrada pola que viaxan e lanzarse á aventura; pero, cando se perden no deserto, comeza para eles unha auténtica odisea na que os seus principais inimigos serán a calor e a deshidratación.

🏆 **Mención Especial - Toronto 2002**







NUMAX

numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

  @numaxcoop